

## **REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL**

### CAPITULO I.- Regras xerais de uso

**Art.1º.-** E obxecto deste regulamento a ordenación da utilización do pavillón polideportivo municipal de Val do Dubra, afectado ó servizo público deportivo.

**Art.2º.-** As instalacións do citado pavillón serán xestionadas directamente pola Corporación, sen órgano especial de Administración.

**Art.3º.-** O inmovible do pavillón polideportivo de Val do Dubra é un ben de dominio público e figurará inscrito como tal no Inventario de Bens do Concello de Val do Dubra.

**Art.4º.-** Como norma xeral as instalacións do pavillón dedicaranse á práctica de toda clase de actividades deportivas, competicións e espectáculos de natureza deportiva ou recreativa, sen prexuízo de empregalas ocasionalmente para a realización doutras manifestacións artísticas, culturais, sociais ou de relevo para a comunidade.

**Art.5º.-** En concreto, as instalacións do pavillón poderán utilizarse:

a) Actividades, competicións e espectáculos deportivos de baloncesto, balonmán, voleibol, fútbol-sala, ximnasia, tenis, probas atléticas e calquera outra modalidade deportiva recoñecida que se axuste ás características das instalacións.

b) Actividades e espectáculos de carácter mixto, nos que os seus aspectos artísticos ou culturais excedan do estritamente deportivo.

c) Acontecementos de natureza exclusivamente artística, cultural ou festiva.

d) Actos públicos non incluídos en ningunha das liñas anteriores e que sexan de interese legal. Neste suposto será precisa unha autorización específica da Alcaldía ou delegado que corresponda.

e) Sauna.

### CAPITULO II.- Competencias e funcións.

**Art.6º.-** A Alcaldía ou, por delegación dela, o concelleiro-delegado de Deportes, serán competentes para resolver as solicitudes de autorización para os actos previstos nos apartados a) e b) do artigo anterior, e para tramitar e impoñer as sancións que correspondan por infraccións ás normas do presente regulamento, excepto cando a Alcaldía delegue dita facultade na Comisión de Goberno.

**Art.7º.-** O Alcalde ou concelleiro-delegado correspondente son o órgano competente para autorizar ou denegá-las autorizacións de utilización do pavillón polideportivo recollidas nas liñas c) e d) do artigo quinto.

**Art.8º.-** O Pleno da Corporación posúe as seguintes competencias:

a) Aprobación, modificación e derogación do presente regulamento.

b) Aprobación das directrices anuais de utilización do pavillón, por proposta da comisión informativa correspondente.

c) O establecemento das directrices do horario de utilización do pavillón.

d) A aprobación de convenios coas asociacións e entidades deportivas sobre utilización do pavillón.

**Art.9º.-** O encargado do pavillón polideportivo terá as seguintes funcións:

a) Custodiar o inmovible, as súas instalacións e elementos integrantes.

b) Abrir e cerrar o pavillón e manter a orde dentro do mesmo durante a celebración das actuacións.

c) Realizar labores de mantemento, conservación e vixancia das instalacións e arranxo de pequenas averías ou desperfectos que se orixinen.

d) Manter actualizado o inventario de mobles, materiais e equipamentos do pavillón.

e) Elaborá-lo horario de utilización do pavillón e da sauna con arranxo ás instrucións do Alcalde ou concelleiro delegado.

f) Resolvé-las incidencias que se produzan na preparación e desenvolvemento das actividades do pavillón.

g) Cumplí-las ordes e instrucións do concelleiro-delegado e da Alcaldía no ámbito das súas funcións.

h) Comunicar ó Alcalde ou concelleiro delegado as incidencias que se rexistren, os danos que se produzan ou as infraccións que se cometan nas instalacións do pavillón.

### CAPITULO III.- Dereitos e obrigas dos usuarios.

#### **Art.10º.**

1. Tódolos cidadáns teñen dereito a acceder e a usar as instalacións do pavillón polideportivo en condicións de igualdade, son suxección ós principios democráticos de convivencia, ás normas establecidas no presente regulamento e ás instrucións que na súa execución dicten as autoridades municipais e os funcionarios encargados da xestión do servizo.

2. O dereito de uso tamén axeitaráse ás condicións da autorización municipal e ós horarios aprobados regulamentariamente.

#### **Art.11º.**

1. Os usuarios teñen a obriga de colaborar no mantemento das debidas condicións de limpeza e hixiene das instalacións como consecuencia da súa utilización impropia ou negligente dará lugar á responsabilidade por parte do seu autor ou outros, que lle será esixida polo Concello de conformidade co que dispón o ordeamento xurídico. Todo elo sen perxuízo da sanción administrativa que proceda.

**Art.12º.-** Prohíbese a tenencia de calqueira tipo de botellas e envases de bebidas ou comida nas bancadas do pavillón.

Tamén está prohibido fumar en calqueira das instalacións do pavillón.

**Art.13º.-** É obrigatoria a utilización de vestimenta deportiva para os entrenamentos ou práctica de actividades desa natureza no pavillón. En especial, non se permitirá o acceso á entrada da pista sen o calzado axeitado.

**Art.14º.-** Na utilización da sauna gardaránse escurpulosamente normas mínimas de hixiene e limpeza, así como o respecto ó resto dos usuarios que en cada momento se atopen nela. Os usuarios deberán ademais cumprir as instrucións de uso relativas á saúde que estarán expostas ó público.

### CAPITULO IV.- Autorización e horarios.

**Art.15º.-** O horario de utilización do pavillón será elaborado polo persoal do Concello, previa petición de autorización por parte dos equipos ou persoas interesadas. O cadro do

horario semanal estará exposto ó público nos taboleiros de anuncios da Consistorial e no propio Polideportivo.

**Art.16º.-**

1.Como regra xeral, os sábados e domingos resérvanse para competicións deportivas, con arranxo á programación do curso escolar ou da tempada deportiva.

2.O horario de utilización normal do pavillón será o seguinte:

a) De luns a venres, de 18 a 24 horas. Nos convenios ós que chegue o Concello con equipos, clubs e asociacións deportivas, terásese en conta a necesidade de deixar horas libres nese período de luns a venres para posibilitar a utilización do pavillón por persoas ou grupos de persoas que non se acolleran a ningún acordo.

b) O sábados e domingos, de forma que se garantice a celebración dos encontros de competición autorizados.

c) Os días lectivos, de 10 a 17 horas, serán de utilización exclusiva dos Colexios, sen que se esixa taxa algunha.

3. O horario de utilización da sauna será de 18 a 22 horas tódolos días da semán. Este servizo permanecerá activo cando fora solicitado por alomenos dúas persoas.

4. O Concello pode introducir modificacións nos horarios aprobados cando razóns urxentes de interese público así o esixan. Estas modificacións serán notificadas ós afectados.

**Art.17º.-** As solicitudes realizaránse cunha antelación mínima de 48 horas. Asimesmo poderá utilizarse a sauna cando no momento do uso da mesma houbera prazas dispoñibles e ata un máximo de seis.

**Art.18º.**

1. O usuario que esté autorizado para a utilización do pavillón e que por concurrir unha causa xustificada non vaia facer uso do mesmo, deberá advertilo ou encargado cunha antelación mínima de 48 horas, excepto nos casos de forza maior.

2. Non se permite a cesión do uso de pavillón a terceiros, excepto coa autorización expresa da Alcaldía ou do concelleiro-delegado de Deportes.

**Art.19º.-** Os usuarios están obrigados ó abono das tarifas de taxa de utilización do pavillón e sauna aprobadas polo Pleno da Corporación do seguinte xeito:

1. Utilización do polideportivo: ó presentá-la solicitude de autorización, excepto nos casos nos que proceda a bonificación ou uso gratuito.

2. Utilización da sauna: presentando o bono de sesións ó encargado do Pavillón.

CAPITULO V.-Normas especiais para os clubs.

**Art.20º.-**Os clubs, entidades ou asociacións deportivas ós que pertencen os usuarios son responsables solidarios cos autores dos danos ou perxuízos que se causen ás instalacións do pavillón, sinaladas no artigo 13.2 deste regulamento.

**Art.21º.-**O uso das instalacións durante unha hora determinada ó longo dunha tempada non presupón a adquisición de dereitos para as seguintes.

**Art.22º.-**Os clubs, entidades e asociacións deportivas son responsables de que durante os entrenamentos e partidos estén no banquillos ou na pista o persoal que corresponda.

**Art.23º.-**Cada equipo usará-los vestiarios que se lles asine.

**Art.24º.-**Os equipos escolares deberán ir acompañados polos profesores ou entrenadores que lles correspondan.

**Art.25°.-**O clube ou asociación ó que se lle permita a colocación de publicidade durante o partido ou competición, deberá retirála cando remate.

**Art.26°.**

1. A Alcaldía, ou por delegación da mesma, a comisión de goberno, sancionará ós usuarios que infrinxan as normas previstas neste regulamento, con amonestación pública e/o multa de 3,01 a 30,05 euros, previa audiencia dos interesados. Todo elo sen perxuízo da esixencia de responsabilidades civís ou de outra natureza que procedan.

2. Para graduá-la contía da sanción, atenderáse á gravidade da infracción, á culpabilidade do autor, á entidade dos perxuízos que se deriven para o Concello ou para terceiras persoas e a reiteración por parte do responsable.

**Disposición adicional.**

Non no previsto neste regulamento, rexirá a lexislación de réxime local.

**Disposición final.-** O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcurrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da citada Lei 7/1985 e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.